

Convenio colectivo do sector do comercio retalista de xoguetes, artigos deportivos, comercio de bazares, artigos de regalo, adorno, reclamo, tendas denominadas de miniprezos e similares da provincia de Pontevedra (Anos 2005-2008)¹

Artigo 1º.-Partes asinantes.

Son partes asinantes deste convenio as centrais sindicais CC.OO. e UGT, en representación dos traballadores, e a Asociación Provincial de Empresarios do Comercio de Bazares e Artigos de Regalo da provincia de Pontevedra, en representación dos empresarios do sector.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

Este convenio é de aplicación obrigatoria a todas aquelas empresas dedicadas ao comercio retalista de xoguetes, artigos deportivos, comercio de bazares, artigos de regalo, adorno e reclamo; tendas denominadas de miniprezos e similares e, en xeral, aquelas dedicadas ao comercio de artigos múltiples sen predominio dentro do mesmo establecemento, cuxos centros de traballo se encontren comprendidos dentro da provincia de Pontevedra.

Artigo 3º.-Ámbito persoal.

Afectará tanto o persoal que actualmente preste os seus servizos nas referidas empresas, como aquel que ingrese no futuro, durante a vixencia do convenio.

Artigo 4º.-Vixencia.

O convenio entrará en vigor aos quince días da súa sinatura, ben que os seus efectos económicos rexerán a partir do 1 de xaneiro de 2005.

Artigo 5º.-Duración.

Este convenio terá unha duración de catro anos, finalizando os seus efectos no 31 de decembro de 2008 e prorrogándose automaticamente por anualidades, de non mediar denuncia das partes con tres meses, ao menos, ao termo da súa vixencia.

Artigo 6º.-Compensación e absorción.

As condicións que se establecen neste convenio, compensarán calquera das existentes no momento de entrar en vigor, e absorberán as que no futuro se poidan establecer, calquera que for a norma de que deriven.

Artigo 7º.-Retribucións.

Os soldos e salarios correspondentes ás distintas categorías, para o primeiro ano de vixencia do convenio, son os que figuran na táboa salarial anexa.

Para o segundo ano de vixencia do convenio (1-1-2006 ao 31-12-2006) incrementarase a táboa vixente ao 31-12-2005 no IPC real do ano 2005 máis medio punto.

Para o terceiro ano de vixencia do convenio (1-1-2007 ao 31-12-2007) incrementarase a táboa vixente ao 31-12-2006, no IPC real do ano 2006.

Para o cuarto e último ano de vixencia do convenio (1-1-2008 ao 31-12-2008) incrementase a táboa vixente ao 31-12-2007, no IPC real do ano 2007.

Artigo 8º.-Non discriminación por razón de sexo.

O empresario está obrigado a pagar pola prestación dun traballo igual o mesmo salario, tanto por salario base como polos complementos salariais, sen discriminación ningunha por razón de sexo.

¹ Publicado no DOG núm. 122, do 27 de xuño de 2005.

Artigo 9º.-Gratificacións extraordinarias.

Establécense como gratificacións extraordinarias as seguintes:

-Paga de xullo; igual a unha mensuralidade do salario base máis a antigüidade, se é o caso, en concepto de gratificación de xullo.

-Paga de outubro; consistente en 16 días do salario base máis a antigüidade, cando for o caso.

-Paga de decembro; igual a unha mensuralidade do salario base máis a antigüidade, se for o caso, en concepto de gratificación de Nadal.

-Paga de marzo igual a unha mensuralidade do salario base máis a antigüidade, se for o caso, en concepto de participación en beneficios.

Artigo 10º.-Antigüidade.

Os aumentos periódicos por tempo de servizo até o 31 de marzo de 2001 consistirán en trienios na contía do cinco por cento sobre os salarios deste convenio.

A partir da citada data do 31 de marzo de 2001, desaparece o concepto e tratamento do complemento persoal de antigüidade, tanto nos seus aspectos normativos como retributivos.

Como consecuencia da eliminación, teranse en conta os seguintes compromisos:

a) Os traballadores manterán e consolidarán tan só os importes daqueles trienios que tivesen devengados polo complemento persoal de antigüidade ao 31 de marzo de 2001, polo que non se terán en conta os tramos intermedios.

b) Os importes obtidos ao abeiro do previsto na alínea anterior manteranse invariables e por tempo indefinido como un complemento retributivo ad personam, é dicir, non sufrirán modificacións en ningún sentido e por ningunha causa, extinguíndose xuntamente coa extinción do contrato do traballador.

c) Este complemento retributivo ad personam reflectirase nos recibos oficiais de salario coa denominación de antigüidade consolidada.

Artigo 11º.-Saídas e axudas de custo.

Se por necesidades de servizo algún traballador tivese que se desprazar fóra da cidade en que habitualmente ten o seu destino, a empresa aboaralle os gastos que tiver efectuado, despois de presen

tación dos comprobantes correspondentes. En compensación daqueles gastos cuxa xustificación non resulte posible, o persoal terá dereito, ademais, a unha axuda de custo segundo que o desprazamento sexa por media xornada ou completa, respectivamente, de:

Ano 2005: 4,05 euros e 6,61 euros.

Para os sucesivos anos de vixencia do convenio, estas cantidades incrementaranse na mesma porcentaxe que o faga a táboa salarial (artigo 7º, retribucións).

Artigo 12º.-Xornada de traballo.

A xornada laboral será de 40 horas semanais de traballo efectivo.

Nos supostos de xornada continuada establecerase un período de descanso de 15 minutos, coñecido como tempo de bocadillo, que se computará como tempo de traballo efectivo.

Artigo 13º.-Vacacións.

Todo o persoal cun ano na empresa, desfrutará dun período de trinta e un días naturais de vacacións.

Artigo 14º.-Póliza de accidentes.

A partir da entrada en vigor do convenio, as empresas afectadas por este convenio estarán obrigadas a concertar unha póliza de seguro que cubra aos seus traballadores da continxencia de morte, invalidez absoluta e permanente para todo traballo, por un importe de 3.000 euros.

Estas cantidades serán efectivas unha vez declaradas oficialmente as continxencias que se citan, e por unha soa vez.

Artigo 15º.-Incapacidade temporal.

As empresas, en caso de incapacidade temporal, calquera que sexa a súa orixe, completarán as prestacións da Seguridade Social até o 100% do salario do convenio, durante doce meses, a partir do recibo da baixa.

Artigo 16º.-Faltas e sancións.

Observarase o disposto na lexislación vixente.

Artigo 17º.-Recoñecemento médico.

Recoméndase aos empresarios de bazares que, voluntariamente e precedendo acordo cos seus traballadores, desexen que estes sexan sometidos a un recoñecemento médico, anualmente soliciten a información pertinente no Gabinete de Seguridade e Hixiene no Traballo de Rande.

Artigo 18º.-Permisos retribuídos.

De conformidade co disposto nos artigos 37.3º do Estatuto dos traballadores, o persoal, despois de aviso e xustificación, poderase ausentar do traballo con dereito a remuneración, por algún dos motivos seguintes:

a) 15 días naturais en caso de matrimonio.

b) 5 días naturais nos casos de nacemento de fillo.

c) Até 5 días naturais, por falecemento de cónxuxe, ascendentes, descendentes ou irmáns, así como accidente ou enfermidade graves ou hospitalización de cónxuxe, pais e fillos, téndose en conta para a súa concesión os desprazamentos que o traballador teña que realizar e as demais circunstancias que en cada caso concorran.

d) Até un máximo de catro días naturais ao ano por necesidade de atender persoalmente asuntos propios que non admitan demora, téndose en conta para isto os desprazamentos que o traballador teña que facer e as demais circunstancias que no caso concorran.

Esta licenza, demostrada a súa indubidable necesidade, concederase no acto, sen prexuízo das sancións que se poidan impor ao traballador que alegue causas que resulten falsas.

e) Así mesmo, o traballador terá dereito a unha licenza retribuída de dous días ao ano, sen necesidade de ser xustificada. Esta licenza non poderá ser acumulable a períodos de vacacións e deberá ser solicitada cunha anticipación de 5 días, ao menos, para un de eles; fixándose o segundo de acordo coas necesidades da empresa.

Esta licenza de dous días, desaparecerá automaticamente do convenio no suposto de se producir con carácter xeral e no ámbito nacional, unha redución da xornada.

Os dereitos en materia de permisos retribuídos recoñecidos aos cónxuxes nas alíneas b) e c) deste artigo, estenderanse ás parellas de feito, inscritas no rexistro do organismo que competa; debendo acreditar nas previstas no número c) un período de convivencia mínimo dun ano.

Artigo 19º.-Excedencia por maternidade.

As traballadoras que, como consecuencia do nacemento de fillo e para atender ao seu coidado, soliciten un período de excedencia non superior a tres anos, contando desde a terminación do descanso de maternidade a que se refire o nº 3 do artigo 46 do Estatuto dos traballadores, terán dereito á reserva do posto de traballo e á reincorporación ao mesmo, unha vez finalizada a excedencia, sempre que soliciten o reingreso cun mes de anticipación ao termo da excedencia.

Artigo 20º.-Axuda escolar.

A axuda escolar será aboada en cada unha das doce mensualidades do ano, percibíndoa, calquera que sexa o número de fillos, por un soamente deles, entendéndose como tal o de maior idade, na contía seguinte:

Ano 2005:

-De 1 a 10 anos: 18,45 euros.

-De 11 a 14 anos: 36,93 euros.

-De 15 a 18 anos: 60,63 euros.

Para os sucesivos anos de vixencia do convenio, estas cantidades incrementaranse na mesma porcentaxe en que o faga a táboa salarial anexa (artigo 7º, retribucións).

Artigo 21º.-Roupa de traballo.

Os traballadores que proceda serán provistos obrigatoriamente por parte da empresa de uniformes ou outras roupas de traballo das coñecidas e típicas para a realización das distintas e diversas actividades que o uso vén aconsellando.

A provisión de tales roupas débese facer ao comezar a relación laboral entre a empresa e o traballador en número de dúas pezas, que se reporán en anualidades sucesivas de maneira conveniente ou, ao menos, a metade delas.

Artigo 23º.-Desconto en compras.

O desconto mínimo nas compras que realice o persoal nas súas respectivas empresas será do quince por cento, salvo en artigos de oferta ou rebaixa; respectándose as situacións máis favorables que se veñan dando.

Artigo 24º.-Comisión paritaria.

Para a interpretación e cumprimento das cláusulas deste convenio, e para atender a cantas cuestións deriven da súa aplicación, establécese unha comisión paritaria que estará integrada por tres representantes de cada unha das partes asinantes deste convenio.

Artigo 25º.-Lexislación subsidiaria.

En todo o non expresamente previsto neste convenio, observarase o que dispoñen as normas legais vixentes de aplicación.

Vigo, 19 de abril de 2005.

Convenio colectivo de traballo para o sector de bazares, venta de xoguetes, artigos de regalo, adorno e reclamo de Pontevedra

Vixencia do 1 de xaneiro de 2005 ao 31 de decembro de 2005

| Categorías | Salario Mensual |
|-----------------------------|------------------------|
| a) Grupo mercantil | |
| Encargado de establecemento | 703,41 |
| Dependente | 664,46 |

| | |
|---|-------------|
| | |
| Escaparatista | 762,23 |
| c) Grupo administrativo | |
| Oficial administrativo e operador de máquinas contables | 676,39 |
| Auxiliar administrativo | 644,59 |
| d) Grupo de actividades auxiliares | |
| Profesional de oficio de 1ª e 2ª (chofer) | 644,59 |
| Mozo | 644,59 |
| e) Subalternos | |
| Persoal de limpeza | 644,59 |
| Persoal de limpeza por horas | A/hora 2,24 |

Traballadores en prácticas e para a formación: a retribución a aboar será do 60% e 75% durante o primeiro e segundo ano de vixencia do contrato, respectivamente, da categoría para a cal se vai formar ou vai a realizar as prácticas, e estará en función do traballo efectivo.